


# Fundación Eugenio Granell

## Escenarios da paixón

Homenaxe a María Casares

## Isabel Pintado e Alfonso Costa



*Escenarios da paixón. Homenaxe a María Casares* é unha exposición na que **Alfonso Costa** e **Isabel Pintado** presentan a súa particular homenaxe plástica á xenial actriz, sen esquecer a reflexión sobre as significativas relacións entre a Pintura e o Teatro. Pintado e Costa, prolíficos artistas de longa e recoñecida traxectoria, entenden esta homenaxe como un acto de amor e de xustiza a prol desta insigne galega de quen, no pasado ano, se cumpriu o centenario do seu nacemento.

*Escenarios de la pasión. Homenaje a María Casares* es una exposición en la que **Alfonso Costa** e **Isabel Pintado** presentan su particular homenaje plástico a la genial actriz, sin olvidar la reflexión sobre las significativas relaciones entre la Pintura y el Teatro. Pintado y Costa, prolíficos artistas de larga y reconocida trayectoria, entienden este homenaje como un acto de amor y de justicia a favor de esta insigne gallega de quien, no pasado un año, se cumplió el centenario de su nacimiento.

María Casares (A Coruña, 21 de novembro de 1922 - Alloué, Francia, 22 de novembro de 1996) é xa un mito da interpretación; non en balde, Francia -onde se forxou e se expresou o seu excepcional talento- celebrouna cos máis importantes recoñecementos mentres en España era silenciada pola ditadura franquista. Así pois, esta mostra organízase arredor desta fascinante figura, non só multifacética actriz senón tamén testemuña directa de trágicos e decisivos acontecementos históricos e, tralo seu exilio, vinculada co máis graúdo da intelectualidade francesa de mediados do século XX (Cocteau, Artaud, Camus...).

*Escenarios da paixón* é un achegamento pictórico que percorre as diferentes etapas da súa vida e da súa actividade interpretativa, escollendo como soporte, ademais do lenzo e do papel, a paleta en formatos e tamaños diversos xa que, dalgún xeito, a paleta é o escenario de quen pinta, ese lugar onde dispón e mestura as cores que van dar vida á obra; tal como fai quen actúa, poñendo en orde as emocións que configuran a personaxe e a historia a representar.

A "posta en escena" desta exposición nas salas da Fundación Eugenio Granell rememora asemade a relación de afecto e de admiración que o gran artista Eugenio Granell ten manifestado, no seu libro *Memorias de Compostela*, á familia Quiroga Casares, veciña -na rúa Panadeiras da Coruña- da familia do pintor cando María era unha nena. Unha infancia galega que a actriz confesou como o máis profundo e inextinguible territorio do seu ser.

María Casares (A Coruña, 21 de noviembre de 1922 - Alloué, Francia, 22 de noviembre de 1996) es ya un mito de la interpretación; no en balde, Francia -donde se formó y se expresó su excepcional talento- la festejó con los más importantes reconocimientos mientras que en España era silenciada por la dictadura franquista. Así pues, esta muestra se organiza en torno a esta fascinante figura, no sólo multifacética actriz, sino también testimonio directo de trágicos y decisivos acontecimientos históricos y, tras su exilio, vinculada con lo más relevante de la intelectualidad francesa de mediados del siglo XX (Cocteau, Artaud, Camus...).

*Escenarios de la pasión* es una aproximación pictórica que recorre las diferentes etapas de su vida y de su actividad interpretativa, eligiendo como soporte, además del lienzo y del papel, la paleta en formatos y tamaños diversos, ya que, de alguna manera, la paleta es el escenario de quien pinta, ese lugar donde coloca y mezcla los colores que van a dar vida a la obra; tal como hace quien actúa, poniendo en orden las emociones que configuran el personaje y la historia a presentar

La "puesta en escena" de esta exposición en las salas de la Fundación Eugenio Granell rememora a la vez la relación de afecto y de admiración que el gran artista Eugenio Granell ha manifestado, en su libro *Memorias de Compostela*, a la familia Quiroga Casares, vecina -en la calle Panaderas de A Coruña- de la familia del pintor cuando María era una niña. Una infancia gallega que la actriz, confesó como el más profundo e inextinguible territorio de su ser.